

**RELACIÓN DE ACORDOS APROBADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 26 DE FEBREIRO DE 2021**

* Declaración Institucional sobre as condicións laborais nos servizos de limpeza de edificios

*Declaración institucional Día das mulleres

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 1/2021, do 29 de xaneiro

2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia do 23 de xaneiro de 2021 ata o 19 de febreiro de 2021

Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

3. Aprobación do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural durante o ano 2020.

4. Aprobación do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2020.

Comisión de Deporte e Mocidade

5. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Gallega de Ciclismo para financiar a realización da XVII Volta Ciclista a provincia da Coruña, e actividades complementarias de fomento do ciclismo.

Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios

6. Aprobación da subvención nominativa coa entidade Federación Entidades Empresariales Comercio provincia da Coruña para financiar o proxecto "Campaña os pequenos co pequeno comercio"

7. Aprobación da subvención nominativa coa entidade Asociación de Criadores de Frisón A Coruña (AFRICOR) para financiar o proxecto "Accións de mellora da cualidade xenética raza vacún frisona"

8. Aprobación da subvención nominativa coa Federación Rural Galega (FRUGA) para financiar o proxecto " Proxecto piloto de compostaxe nos concellos rurais da provincia da Coruña"

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

9. Aprobación do Plan de Conservación de vías provinciais 2021; primeira fase

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

10. Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o concello de Arteixo para a financiación de infraestruturas, como consecuencia da cesión do polígono de Sabón ao concello de Arteixo

11. Aprobación do Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que deberán de rexer para contratar mediante procedemento ABERTO (con PLURALIDADE DE CRITERIOS de adjudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das OBRAS comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais

12. Aprobación do Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para contratar mediante procedemento ABERTO (con UNICO CRITERIO de adjudicación, factor prezo) das OBRAS comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais

13. Aprobación do Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento ABERTO SIMPLIFICADO (con PLURALIDADE DE CRITERIOS de adjudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das OBRAS comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais.

14. Aprobación do Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento ABERTO SIMPLIFICADO (mediante a aplicación de FORMULAS) das OBRAS comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais

15. Aprobación do Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento ABERTO SIMPLIFICADÍSIMO (ou simplificado abreviado) das OBRAS comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

16. Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Deportiva e Cultural OCR Allariz polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "O Camiño Race".

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

17. Dación de conta da liquidación do orzamento da Deputación Provincial do exercicio 2020

18. Dación de conta da liquidación do orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña correspondente ao exercicio 2020.

19. Dación de conta dos estados contables da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) correspondentes ao exercicio 2020.

20. Dación de conta do expediente de modificación de créditos 1/2021 de incorporación de remanentes, de aprobación pola Presidencia.

21. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2021 de aprobación polo Pleno.

22. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes xaneiro de 2021 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de xaneiro de 2021.

23. Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das

facturas da Deputación Provincial e dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial contra incendios e salvamento da Coruña e Fundación Axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao cuarto trimestre de 2020, así como da súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

24. Dación de conta do informe do estado de execución dos investimentos financeiramente sustentables aprobados nos exercicios 2014 a 2020.

25. Dación de conta do Informe do Tribunal de Cuentas Nº 1.418 de fiscalización do cumprimento da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno nas entidades locais.

26. Dación de conta da Memoria do Servizo Provincial de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos correspondente ao ano 2020.

27. Aprobación da toma de coñecemento da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes (Consortio provincial contra incendios e salvamento da Coruña e Fundación axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao cuarto trimestre de 2020, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información prevista na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

28. Solicitude á Administración Tributaria do Estado da delegación da inspección do Imposto sobre Actividades Económicas para o Concello de Coristanco

29. Dación de conta da comisión de control interno co fin de realizar a comprobación das operacións de recadación levadas a cabo polo servizo de recadación e polas oficinas de zona no exercicio 2019.

30. Dación de conta da liquidación definitiva do exercicio de 2020 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

31. Dación de conta da actualización das entregas a conta realizadas no exercicio 2021 e entregas a conta de Marzo, Abril, Maio e Xuño de 2021 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

32. Dación da conta do informe sobre datos relevantes do funcionamento da Tesourería, Xestión Tributaria, Recadatoria e atención ao contribuínte durante o exercicio 2020

33. Dación de conta da resolución de presidencia número 2484, do 27 de xaneiro de 2021, pola que se nomea persoal eventual.

34. Dación de conta da actividade desenvolvida pola Sección de Información e Actas no ano 2020

Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible

35. Aprobación dun Convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Capela para financiar as actividades de posta en marcha, dinamización e fomento do emprendemento no espazo de traballo colaborativo do Concello da Capela, dentro do Plan de Emprego Local

36. Aprobación dun Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e o Concello da Coruña para financiar o proxecto "Liña 1. Apoio e mantemento da actividade económica. Gastos Correntes, do Plan de Reactivación Económica e Social da Coruña, PRESCO" no marco do Plan de Emprego Local, anualidade 2021.

37. Aprobación dun Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar o proxecto "Liña de axuda única, gastos correntes, do Plan de mantemento e impulso da actividade económica no termo municipal de Ferrol (PAME3), no marco do Plan de Emprego Local - PEL, anualidade 2021

38. Aprobación dun Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o proxecto "Eixos 2 e 4 do Plan Marco de reactivación Económica e Social do Concello de Santiago de Compostela, no marco do Plan de Emprego Local, anualidade 2021

**ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓNS**

Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña para pedir a aplicación inmediata das bonificacións na AP-9.

Moción que presentan os grupos provinciais DO PSdG-PSOE E BNG pola que se insta á Xunta de Galicia a incrementar o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF)

38.- Aprobación dun Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o proxecto "Eixos 2 e 4 do Plan Marco de reactivación Económica e Social do Concello de Santiago de Compostela, no marco do Plan de Emprego Local, anualidade 2021

1º. Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa ao Concello de Santiago de Compostela para o desenvolvemento do proxecto "EIXOS 2 E 4 DO PLAN MARCO DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA" , por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da mesma.

2º. No expediente de tramitación da concesión da subvención nominativa ao Concello de Santiago de Compostela aprécianse razóns de interese público que acreditan esta concesión, como se indica a continuación:

- O Concello de Santiago de Compostela a través do proxecto "EIXOS 2 E 4 DO PLAN MARCO DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA" ten por finalidade principal apoiar e manter a actividade económica na cidade, mediante axudas directas a comerciantes, hostalaría, persoas autónomas e microempresas, así como medidas de apoio específico ao sector comercio, para mitigar os efectos negativos da pandemia e deste xeito, acadar unha pronta recuperación económica..
- A importancia do proxecto a desenvolver, concíbese como un instrumento fundamental para o apoio e mantemento da actividade económica de dous sectores especialmente golpeados por esta crise, a hostalaría e o comercio, mediante axudas directas. Este tecido empresarial, está composto na súa maioría, por microempresas e principalmente, por persoas traballadoras autónomas a quen se dirixen estas axudas para o mantemento da actividade económica.
- A transcendencia deste proxecto, ven orixinada pola necesidade de reactivación e supervivencia da actividade e mantemento do emprego das persoas traballadoras autónomas e empresas de Santiago de Compostela , nunha situación agravada pola crise da COVID-19.
- Cómpre considerar ademáis, que o proxecto contribúe a paliar os efectos da crise socioeconómica que se está a producir a nivel mundial, ocasionada polo coronavirus, e terá un efecto positivo na reactivación económica e social non só da cidade de Santiago de Compostela, senón tamén da provincia, contribuíndo á supervivencia de sectores estratéxicos e xeradores de emprego na provincia da Coruña e a mellorar a calidade da poboación.
- Por outra banda, cómpre destacar que este proxecto fortalece aspectos a nivel provincial ao abranguer e apostar especialmente polo apoio ao mantemento e impulso de sectores estratéxicos como xeradores de emprego e de riqueza, pola óptica provincial e pola colaboración entre administracións na loita contra a grave crise socioeconómica de carácter mundial que estamos a sufrir, por mellorar a calidade de vida das persoas e manter o emprego, sustentable e de calidade,

elementos estes que se complementan co Plan de Emprego Local da Deputación -PEL

- O contexto no que se enmarca a actividade a desenvolver, coincide cun escenario sanitario e económico excepcional: a pandemia desatada pola COVID-19, fronte á que se responde coa declaración dun estado de alarma en todo o ámbito estatal, coas súas prórrogas posteriores, así como cun conxunto de medidas lexislativas excepcionais e urxentes.

3º. Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, CIF P1507900G, para financiar o proxecto “EIXOS 2 E 4 DO PLAN MARCO DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA”

4º. A subvención provincial prevista no convenio de colaboración ascende a un total de 1.000.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 31,11%.

5º. A subvención poderá facerse efectiva, de acordo con as previsións e requisitos fixados no convenio, con cargo á partida orzamentaria 0520/24100/46201, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

O texto íntegro do convenio é o seguinte

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O PROXECTO “EIXOS 2 E 4 DO PLAN MARCO DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA”, NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL, ANUALIDADE 2021.

Na Coruña, a

REUNIDOS

Dunha parte, _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, _____, en representación do Concello de Santiago de Compostela,

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlle atribuídas

MANIFESTAN

Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago consideran de grande interese para a provincia e como prioridade impulsar a actividade económica e a protección do emprego local para contribuír á reactivación económica do concello derivada da crise económica que afecta de forma directa ao tecido empresarial,

especialmente á hostalería e ao comercio, da cidade como consecuencia da pandemia sanitaria da COVID-19.

Que o Concello de Santiago puxo en marcha o Plan Marco de Reactivación Económica e Social de Santiago de Compostela, cuxo obxectivo consiste en impulsar medidas de reactivación económica a curto, medio e longo prazo nun espazo de concertación cos axentes económicos da cidade, que permita aos mesmos, afrontar con información fiable e medidas útiles de consenso, a crise socioeconómica que se está a vivir nestes momentos.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello de Santiago, no marco dos seus fins e competencias, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela, CIF P1507900G, para o financiamento dos Eixos 2 e 4 do Plan Marco de Reactivación Económica e Social de Santiago, cuxo obxectivo consiste en apoiar e manter a actividade económica na cidade, mediante axudas directas a comerciantes, hostalaría, persoas autónomas e microempresas, así como medidas de apoio específico ao sector comercio, para mitigar os efectos negativos da pandemia e deste xeito, acadar unha pronta recuperación económica.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTUACIÓN A REALIZAR

O Concello de Santiago levará a cabo as actividades do proxecto segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Actividades	Importe
Eixos 1 e 2 do Plan Marco de Reactivación Económica e Social	
Axudas para a reactivación económica do comercio local	19.862,05€
Programa Coidar para mellorar. Mellora e innovación do comercio local	237.482,98€
- Cheque de consultoría nos eidos da comunicación, mercadotecnia dixital, comercio electrónico, acondicionamento físico dos negocios, mercadotecnia visual e innovación empresarial.	45.012,00€
- Axudas para a mellora e innovación do comercio local	192.470,98€
Axudas para o rescate do comercio local afectado pola COVID-19. 1ª convocatoria	600.000,00€
Axudas para a restauración e hospedaxe afectado pola COVID-19. 1ª convocatoria	1.356.764,81€
Axudas para o rescate do comercio local afectado pola COVID-19.	500.000,00€

2ª convocatoria	
Axudas para a restauración e hospedaxe afectado pola COVID-19. 2ª convocatoria	500.000,00€
Total custo proxecto	3.214.109,84€

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento das actividades, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 1.000.000,00€, o que representa unha porcentaxe do 31,11% do custo do proxecto.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 31,11% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

Corresponderalle ao Concello de Santiago o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

No caso de que o Concello de Santiago tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización desta liña de actuación, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local, dispoñible na web: www.emplo.dacoruna.gal

Coa memoria e conta xustificativa, o Concello de Santiago achegará os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

De acordo co disposto na Base 54ª das de execución do Orzamento para o ano 2021, as achegas provinciais faranse efectivas despois da xustificación documental da realización das actividades ou investimentos subvencionados. Só de forma excepcional e debidamente motivada poderán librarse fondos anticipados que, en todo caso, deberán atermos ás seguintes normas:

- a) Requirirase a previa constitución de fianza, aval ou garantía suficiente polo importe total da cantidade anticipada máis un 20 por 100 en concepto de posibles intereses moratorios, excepto as entidades exentas por lei da prestación de garantías ou caucións.
- b) Deberá acreditarse que o beneficiario está ao corrente das súas obrigas coa facenda pública, coa Deputación e coa Tesourería da Seguridade Social.
- c) Non será posible expedir un pago anticipado se o beneficiario ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade, e logo de transcorrer o prazo de xustificación disposto, non se achegou a documentación xustificativa da aplicación total dos fondos anticipados nas condicións establecidas no acordo ou convenio correspondente.
- d) En todo caso o beneficiario deberá ter aberta unha conta bancaria co título “Fondos para atender á actividade...” Con cargo á devandita conta deberán efectuarse todas as cobranzas e pagos que corresponden á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista. Esta circunstancia deberá constar expresamente no oportuno convenio e o seu incumprimento será considerado una infracción simple e sancionada co importe que resulte da aplicación da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

Pola súa parte, no artigo 27 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias indícase:

“3. Cando a natureza da subvención así o xustifique e co fin de non xerar dificultades de liquidez ás persoas beneficiarias, poderán realizarse pagamentos anticipados de ata o 50 por 100 do importe da subvención concedida, debendo a persoa beneficiaria achegar previamente a garantía correspondente, nos termos establecidos regulamentariamente; non obstante, estarán exentas de presentar garantía as administracións públicas e as entidades ás que se lles subvencione a realización de proxectos de cooperación internacional. En todo caso, o custo da garantía poderá ser considerado gasto subvencionable”.

De acordo co anterior, poderase expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Santiago pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do orzamento subvencionable, tendo en conta o exposto anteriormente e unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Certificación das axudas concedidas, asinado dixitalmente pola Secretaría e Alcaldía conforme os gastos xustificativos de cada unha das subvencións

concedidas foron revisados e fiscalizados polo concello de acordo coas bases reguladoras publicadas para o efecto.

2. Bases reguladoras e a convocatoria específica das axudas para os/as beneficiarios/as e a comunicación da información preceptiva sobre a convocatoria específica das axudas e outros aspectos desta, remitida polo Concello á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).
3. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
4. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
5. O Concello de Santiago estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten

Rematada completamente a actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Memoria xustificativa asinada polo Alcalde-Presidente, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actuacións realizadas e dos resultados obtidos.
2. Certificado das axudas aboadas, asinado dixitalmente pola Secretaría e Alcaldía conforme os gastos xustificativos de cada unha das subvencións abonadas foron revisados e fiscalizados polo concello de acordo coas bases reguladoras publicadas para o efecto e de conformidade co informe expedido polo/a titular do órgano interventor municipal.
3. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
4. O Concello de Santiago estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos correspondentes.
5. Declaración de non ter solicitadas ou concedidas outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Santiago na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial comprenden dende o **1 de abril de 2020 e ata o 31 de outubro de 2021**.
2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO

TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Santiago para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Santiago na documentación achegada. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos polo beneficiario sen que se lle abonase o importe da subvención provincial que lle corresponda, o beneficiario terá dereito ao abono dos xuros legal do diñeiro, computado dende a finalización do prazo de catro meses antes do indicado ata a data do pago efectivo. Se a xustificación documental fose incompleta ou insuficiente o prazo de cómputo dos xuros iniciárase cando o beneficiario emendase as deficiencias detectadas perante a Administración provincial.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Santiago deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial será determinadas por esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Santiago destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gastos presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello de Santiago poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende **1 de abril de 2020 ata o 31 de outubro de 2021**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **31 de decembro de 2021** sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o Concello de Santiago non poida ter rematadas as actuacións e presentada a xustificación **antes do 30 de novembro de 2021**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **30 de abril de 2022**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Santiago perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións



nomeados polo Presidente da Deputación e o do Concello de Santiago, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de ____

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña
Compostela

Asdo:

Polo Concello de Santiago de

Asdo: